



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46
50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

BANDO

PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL

DON RAMIRO MOURE ANSOAR, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE TABOADA (LUGO).-

FAI SABER:

Que por resolución da Dirección Xeral do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, convócanse prazas para participar no programa de Termalismo Social durante o 2023.

Poderanse acoller a dito programa as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

. Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente e de viudedade (viudedade con 55 anos ou máis) do Sistema de Seguridade Social español.

. Poder valerse por si mesmo.

Tamén poderán ser beneficiarios das prazas os cónxuxes dos que reúnan os requisitos anteriores.

Para os solicitantes do ano pasado este organismo enviará o seu domicilio un modelo simplificado para a renovación da súa solicitude.

O prazo para a presentación de novas solicitudes será:

. Para o turno de Febreiro a Agosto: Ata o 09 de xaneiro do 2023. Para Lista de Espera: ata o 14 de maio do 2023.

. Para o turno de Setembro a Decembro: Ata o 15 de maio do 2023. Para Lista de Espera: ata o 15 de novembro do 2023.

Todas aquelas persoas interesadas en participar neste programa, poden recibir toda a información necesaria nas Oficinas de Servizos Sociais deste concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos en Taboada a día doce de decembro de dous mil vinte dous.

O ALCALDE

